

ANEXO BOLETÍN INFORMATIVO Marzo

- I. MECANISMO DE FINANCIACIÓN PARA O PAGO DE
PROVEDORES DE ENTIDADES LOCAIS RECOLLIDOS
NO REAL DECRETO LEI 4/2012**

MECANISMO DE FINANCIACIÓN PARA O PAGO DE PROVEDORES

O venres pasado o Consello de Ministros aprobou o Real Decreto Lei 4/2012, sobre a situación financeira das Entidades locais, e mais concretamente sobre *as obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago ós provedores*.

A norma **non regula como pagar ós provedores** (iso virá logo) senón que só quere **aflorar as débedas** comerciais, exixibles, líquidas e vencidas, **anteriores o 1 de xaneiro de 2012**.

¿QUÉ OBRIGAS TERÁN O PAGO GARANTIDO?.

- Obrigas derivadas da contratación de obras, suministros ou servizos. Ou sexa, nada de débedas derivadas de Convenios de Colaboración ou similares, nin doutros conceptos excluídos da Lei de Contratos do Sector Público.
- Obrigacións vencidas, líquidas e exixibles.
- Se exclúen tamén as débedas locais coa Administración estatal e/ou autonómica ou outras entidades locais e Seguridade Social.

CONDICIONS FORMAIS E TEMPORAIS DA GARANTÍA.

A factura ou solicitude de pago deben constar no "registro administrativo da entidade local" antes do 1 de Xaneiro de 2012. (Ou sexa, non vale que a factura se comunicara por correo ou se canalizara por outro rexistro administrativo (estatal ou autonómico), nin que a factura fora entregada a algún funcionario, concelleiro ou Alcalde.)

O Interventor compilará estas débedas nunha relación certificada. Os **contratistas** poderán comprobar se constan na relación certificada, e **se non constan poderán solicitar da entidade local debedora un certificado individual**. Este certificado deberá emitirse polo interventor en 15 días naturais dende a entrada desta solicitude no rexistro. **Se** transcorrido este prazo **non se rexeita a solicitude entenderase recoñecido o dereito de cobro por silencio positivo**. O contratista que vexa rexeitada pola Intervención a inclusión do seu crédito na relación certificada, verase obrigado a xudicializar o seu caso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Antes do 15 de Marzo de 2012 os entes locais deberán remitir o **Ministerio de Facenda e Administracións Públicas** esta relación certificada e expedida polo interventor con obrigación de informar o pleno da corporación local de tódalas obrigas pendentes de pago e facelo por vía telemática e con firma electrónica.

O Interventor, tras remitir a relación de débedas certificada, **elevará o Pleno un Plan de Axuste** para a súa aprobación antes do 31 de Marzo de 2012, e que ademais da amortización do endebedamento “poderá incluír a modificación da organización da corporación local”.

Remitido o Plan de Axuste, o Ministerio poderá valoralo positivamente e entón entenderase autorizada a operación de endebedamento. Pero **se o Ministerio non contesta entón, a valoración será desfavorable** (silencio negativo).

MECANISMO DE FINANCIACIÓN:

Poderán pagarse as débedas recoñecidas en fases temporais sucesivas que non se excederán do ano 2012.

Poderán establecerse como **critérios para prioridade de pago**, entre outros, os seguintes:

- a) Desconto ofertado sobre o importe do principal da obriga pendente de pago. (Canto maior sexa o desconto mais prioridade se terá para cobrar)
- b) Que se trate dunha obriga pendente de pago cuxa exixibilidade se instara ante os Tribunais de Xustiza antes do 1 de Xaneiro de 2012. (É dicir, se xa se reclamou a débeda por vía xudicial tería preferencia. Isto cancelaría as costas xudiciais, ademais dos intereses de demora).
- c) A antigüidade da obriga pendente de pago.

En cada fase, poderase establecer un desconto mínimo a ofertar polo contratista sobre o importe do principal da obriga pendente de pago para que poda aboarse ó contratista. Igualmente poderase fixar un importe global e máximo de financiación para cada fase. En cada fase poderán establecerse tramos específicos para pequenas e medianas empresas e para autónomos.

EFFECTOS DO ABONO DAS OBRIGAS PENDENTES DE PAGO.

- Os contratistas poderán voluntariamente facer efectivo o cobro da débeda mediante presentación ó cobro nas entidades de crédito.
- O abono a favor do contratista conleva a extinción da débeda contraída pola entidade local co contratista polo principal, os intereses, costas xudiciais e calquera outros gastos accesorios.
- As entidades de crédito facilitaran ás entidades locais e o contratista documento xustificativo do abono, que determinará a terminación do proceso xudicial, se o houberse, por satisfacción extraprocesal.